

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LUGO
Edificio	Catedral de Santa María
Dirección	Praza Santa María, 1 27001
Localización	Sala de campás
Nome	A Mariana menor (1)
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 44 Bordo 5,5 Altura do bronce 41 Peso aproximado (en quilogramos)49 kg
Fundidor	ALONSO DE VIADERO, DIONISIO
Ano de fundición	1719
Descrición	<p>As dúas campás pequenas ou "Marianas" son practicamente iguais en todo, coa única diferenza da cruz, que no caso da campá maior ten tres cravos. O resto é similar.</p> <p>Na parte superior a campá leva a usual inscrición das campás galegas "IHS # MARIA # # IOSEPH # ". IHS é o anagrama de Jesús en grego.</p> <p>Na parte de fóra, no medio, hai unha cruz con pedestal.</p> <p>No medio pé pon en latín "LAVDATE # DOMI?VM # I? # CIMBALIS # BE?E SO?A?TIBVS # A??O # I7I9 # " Usualmente escríbese xunto BENESONANTIBUS. A cita está tomada do salmo 150:5 "LAUDATE EUM IN CIMBALIS BENESONANTIBUS LAUDATE EUM IN CIMBALIS JUBILATIONIS OMNIS SPIRITUS LAUDET DOMINUM" (Ps 150:5) que significa ENCOMIÁDELLE (AO SEÑOR) CON CAMPÁS BEN AFINADAS (DE BO SON), ENCOMIÁDELLE CON CAMPÁS DE ALEGRÍA, TODO ESPÍRITO ENCOMIE AO SEÑOR.</p> <p>A continuación pon en latín o ano de fundición: ANO 1719.</p> <p>Debaixo, na parte exterior, está a marca de fábrica en monotipo, combinando o español e o latín: " # DIONISIO # ALONSO # MEFECIT # " é dicir DIONISIO ALONSO FÍXOME.</p>
Fotos	31
Toques	Posiblemente repique nada máis, sen mover a campá.
Conservación, mantemento	Debaixo da campá hai diversas plantas verdes.
Protección	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para incluír a campá e a instalación orixinal no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
Propostas	<p>A campá debe ser limpada, por dentro e por fóra, para recuperar a sonoridad orixinal. O cepo de madeira debe ser restaurado.</p> <p>Debe utilizarse pintura adecuada para a protección da madeira e que ao mesmo tempo permita que respire.</p> <p>En ningún caso debe ser dotada de electromazo externo.</p>
Autores da documentación	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao
Data	2013

Folla completa da campá: [A Mariana menor \(1\) Catedral de Santa María - LUGO](#)

PDF (26-05-2026)